

a cRONOBIOGRAFÍA de Victoriano Taibo

GALICIA	ESPAÑA	MUNDO	
A Galicia sur queda incomunicada por ferrocarril polo nó de Monforte. Fungo do mildeu nas viñas. Morre Rosalía de Castro. Nace Victoriano Taibo en Santiago o 22 de abril.	Epidemia de cólera. Morre Alfonso XII. Rexencia de María Cristina. Goberno de Sagasta. Nace Alfonso XIII.	Conferencia de Berlín para o reparto de África. Tensión ruso-británica en Afganistán. O Congo propiedade de Leopoldo II. Guerra serbio-búlgara. Vacina de Pasteur.	1885
Fábrica de caldeiras <i>La Vulcano</i> en Vigo. Murguía: <i>Os precursores</i> . Pondal: <i>Queixumes dos pinos</i> .	Fin da escravitude en Cuba.	Motor de explosión Benz.	1886
Os republicanos federais galegos aproban o <i>Proyecto de Constitución para el futuro Estado Gallego</i> . A filoxera estraga os viñedos.	Constitución da <i>Lliga de Catalunya</i> . Isaac Peral desenvolve o submarino.	Fin da escravitude no Brasil.	1887
Granxa Agrícola Experimental na Coruña. Curros: <i>O divino sainete</i> .	Exposición Universal de Barcelona. 1º Congreso do PSOE. Nace a UGT.	Guillermo II, kaiser alemán. Nace o partido socialdemócrata austríaco dirixido por O. Bauer. Rhodes conquista para Gran Bretaña Rodhesia. Primeiro tranvía en EE UU.	1888
Brañas: <i>El regionalismo</i> . Murguía: <i>El regionalismo gallego</i> .	Promulgación do Código Civil.	Fundación da II Internacional. Construción da torre Eiffel en París. Neumáticos con cámara.	1889
Nace a <i>Asociación Regionalista Gallega</i> . Folga xeral (1 de maio) pola xornada de 8 horas no inverno. Primeiros xornais anarquistas e socialistas.	Sufraxio universal masculino para os maiores de 25 anos. Goberno de Cánovas.	Bismarck é destituído. Italia conquista Eritrea e Somalia. Primeiras celebracións do 1º de Maio. Toro Sentado asasinado, batalla de <i>Wounded Knee</i> .	1890
Primeira agrupación socialista en Ferrol. Nova folga xeral que fracasa. Xogos florais de Tui; discurso de Murguía. Traslado dos restos de Rosalía de Castro a San Domingos de Bonaval.	Aranceis proteccionistas. Disturbios anarquistas en Andalucía.	Programa de Erfurt do SPD. Encíclica de León XII, <i>Rerum novarum</i> .	1891
Creación dos estaleiros Vda. De J. Barreras. Marcial Valladares: <i>Elementos de gramática gallega</i> .	Bases de Manresa: autonomía de Cataluña. Fundación de Unió Catalanista. Caída de Cánovas del Castillo; goberno liberal de Sagasta.	Nacen os partidos socialistas italiano e polaco.	1892
Mobilizacións para evitar o traslado da Capitania Xeral da Coruña.	Proxecto de Maura para a autonomía de Cuba. atentados anarquistas. Violencia política. Guerra de Melilla.	Grandes folgas en Europa. Fundación de diversos partidos socialistas.	1893
Constitución da agrupación socialista de Vigo. López Ferreiro: <i>A tecedeira de Bonaval</i> .	Fundación do PNV. José Martí desembarca en Cuba. Goberno conservador de Cánovas del Castillo.	Guerra chino-xaponesa. Nicolás II, tsar de Rusia. Grandes folgas en Chicago.	1894
López Ferreiro: <i>O castelo de Pambre</i> .	Leis de represión do anarquismo. Insurrección en Filipinas.	Nace a CGT francesa. Morre Engels. Marconi, telegrafía sen fíos. Roentgen, raios X. Lumiere, primeiro filme.	1895
Agrupacións socialistas en Ourense e Pontevedra. Exposición Rexional de Lugo. En Viveiro úsase a primeira traíña para a pesca da sardiña.	Cánovas del Castillo asasinado por un anarquista. Oferta de autonomía a Cuba, rexeitada.	Francia conquista a illa de Madagascar. Os anarquistas abandonan a II Internacional. Bayer, aspirina.	1896
Primeiras asociacións sindicais de mariñeiros no Berbés de Vigo.		Guerra greco-turca.	1897

	GALICIA	ESPAÑA	MUNDO
1898	Constitúese a <i>Liga Gallega</i> .	Guerra hispano-norteamericana. Tratado de París: España cede Porto Rico, Filipinas e Guam a EE.UU., independencia de Cuba. Motíns de subsistencia.	Nace o POSDR Caso Dreyfus. Crise de Fachoda.
1899	Primeiras asociacións sindicais de mulleres na conserva en Vigo e as cigareiras na Coruña. Chegan a Vigo os superviventes de Cuba.	Goberno conservador rexeneracionista. España vende as illas Carolinas e as Marianas.	Os británicos en Sudán, os franceses no Sahara. Guerra dos <i>bóers</i> .
1900	Explotación mineira en Vilaodiz, o ferro sae polo porto de Ribadeo. Fundación do Banco de Vigo e da fábrica <i>La metalúrgica</i> de Vigo. <i>El campesino</i> , diario agrarista de Lavadores.	Creación do Ministerio de Instrucción Pública. Primeira Lei de Accidentes de Traballo.	Revolta dos <i>boxers</i> en China e Guerra dos <i>bóers</i> en África do Sur. Freud: <i>A interpretación dos soños</i> . Morren Wilde e F. Nietzsche.
1901	Nace a <i>Unión Galaico-Portuguesa</i> . Folga impulsada polos anarquistas na Coruña: 8 mortos. López Ferreiro dirixe a revista <i>Galicia Histórica</i> .	Sagasta no goberno. Fundación da Lliga Regionalista. Declaración de estado de guerra para reprimir as folgas. Costa: <i>Oligarquía y caciquismo</i> .	Morren a raíña Victoria de Inglaterra e Verdi. Independencia de Australia. Wagner: <i>O crepúsculo dos deuses</i> .
1902	Fundación das sociedades de auga e alumeado en Vigo e na Coruña e da <i>Caja de Ahorros</i> do Ferrol. Os agricultores do Lérez convocan un Congreso Agrario. Os anarquistas da Coruña crean o Centro <i>Germinal</i> .	Alfonso XIII cumpre 16 anos e xura a constitución, fin da Rexencia. Remata a quenda liberal de Sagasta. Crease <i>Altos Hornos de Biscaia</i> e o <i>Banco Español de Crédito</i> .	Remata a guerra dos <i>bóers</i> : Orange e Transvaal pasan a Inglaterra. Comeza a construción da canle de Panamá. Inaugúrase a presa de Asuán. Emile Zola: <i>Xerminal</i> .
1903	Crease <i>Prácticas Modernas</i> a revista agraria que será órgano oficial das asembleas agrarias de Monforte.	Morre Sagasta. Establécese o descanso dominical. Morre, aos 38 anos, Sabino Arana.	Tropas xaponesas entran en Corea. Panamá independente. Revolta dinástica en Serbia: asasinato dos monarcas. Morren Gauguin e Pío X.
1904	Congreso da agrupación socialista en Vigo; presidente Heraclio Botana. Lerroux en Galicia: moitos republicanos achéganse ao <i>Partido Radical</i> . Primeiro <i>bou</i> na Coruña, revolución no arrastre. Noriega Varela: <i>Do ermo</i> .	Atentado contra Maura. A Hispano-Suiza de Barcelona, primeira fábrica de automóviles. Echegaray, premio Nobel.	Guerra ruso-xaponesa. Sun Yat Sen funda o Kuo Min Tang. Inaugúrase o <i>transiberiano</i> . Inglaterra e Francia asinan a <i>Entente Cordiale</i> .
1905	82 conserveiras en Galicia; a metade da produción española do sector. Primeiras asociacións patronais dese sector en Vigo. Primeiros núcleos da CNT na Coruña. Fundación da Real Academia Galega.	Atentado contra Alfonso XIII en París. Os liberais substitúen aos conservadores no goberno. Militares asaltan periódicos catalanistas.	Derrota rusa na guerra co Xapón. Revolución en Rusia. Independencia de Noruega. Koch illa o bacilo da tuberculose.
1906	Inauguración da fábrica de envases <i>La Artística</i> en Vigo. Congreso socialista de Ourense. Fundación do Real Club Deportivo da Coruña. Congreso Ganreiro en Lugo.	Atentado contra Alfonso XIII. Lei de xurisdiccións. Aranceis proteccionistas. Conferencia de Alxeciras por mor de Marrocos. Primeiro Congreso da Lingua Catalana.	Dreyfus declarado inocente. A Duma disolvida polo tsar. EE.UU. impón un goberno provisorio a Cuba. Terremoto de San Francisco. Creación do Partido Laborista inglés.
1907	Primeiras federacións agrarias. Constitución de <i>Solidaridad Gallega</i> e o <i>Directorio Antiforista de Teis</i> . Nace a empresa de Tranvías de Vigo.	Maura volve ao poder. Picasso revoluciona a pintura: período rosa. Solidaridade Catalana arrasa nas xerais. Aparece <i>Solidaridad Obrera</i> .	Alemaña, Italia e Austria-Hungría renovan a <i>Triple Alianza</i> . Los Angeles, centro do cinema. Lumiere: fotografía a cor.
1908	I Asemblea agraria de Monforte. Congreso socialista de Lugo. Estrea do Himno de Galicia na Habana. Fracasa a folga xeral de xullo. Nace en Lugo o xornal <i>El Progreso</i> .	Levantamentos na Guinea española. Suspensión das garantías constitucionais en Barcelona pola onda de atentados. Regulación do dereito de folga.	Revolución fracasada en Portugal, o rei Carlos I e o seu primoxénito, Luís Felipe, son asasinados en Lisboa. A Sr. Pankhurst, líder sufraxista, e as súas fillas en prisión. Revolta dos <i>Xoves Turcos</i> . Bulgaria convértese en Reino. Austria-Hungría anexionase Bosnia.

GALICIA	EPAÑA	MUNDO	
II Asemblea agraria de Monforte. Varios labregos mortos en Oseira. Crise da sardiña nas rias. Aparece <i>Vida Gallega</i> .	Maura abandona o goberno. Semana Tráxica de Barcelona, fusilamento de Ferrer i Guardia. Victoria española sobre as Cabilas do Rif.	O ministro de Facenda británico, Lloyd George, sobe os impostos aos ricos para pagar as pensións. Independencia de Sudáfrica.	1909
Explosión agrarista: <i>Directorio de Teis e Solidaridad Gallega</i> . II Asemblea de Monforte. Portela Valladares, deputado. Nace o diario católico <i>La Región</i> .	Permítese ás mulleres acceder a títulos universitarios. Inauguración da Residencia de Estudiantes de Madrid. Goberno liberal de Canalejas. Pablo Iglesias, primeiro deputado socialista.	Proclámase a República en Portugal. China ocupa o Tibet e Xapón, Corea. Morre Eduardo VIII, sucédelle o seu fillo Xurxo. Morren Tolstoi e Mark Twain. M. Curie illa o radio.	1910
III Asemblea agraria de Monforte. Declive do <i>Directorio de Teis</i> e de <i>Solidaridad Gallega</i> López Abente: <i>Escumas da ribeira</i> . O estudante Taibo salva un rapaz de morrer afogado (El Correo 31-8) .	Fundación da CNT.	Revolución mexicana. China é unha República. Stolipin, primeiro ministro ruso, asasinado. Botadura do <i>Titanic</i> . Admunsen chega ao P. Sur. Segundo Nobel para Marie Curie.	1911
Fundación a <i>Liga de Acción Gallega</i> liderada polo crego agrarista Basilio Álvarez. IV Asemblea agraria de Ribadavia.	Protectorado marroquí. Inauguración do túnel de Canfranc. Canalejas, asasinado. Romanones xefe do goberno. Aprobada a Mancomunidade catalana.	Constitución da Rep. China. Estatuto de autogoberno para Irlanda, oposición dos unionistas. 1ª Guerra Balcánica: a Liga Balcánica contra Turquía.	1912
V Asemblea agraria de Ribadavia. Inaugúrase o Tranvía Eléctrico da Coruña. Cabanillas: <i>No desterro</i> . Primeira publicación de Victoriano Taibo en Vida Gallega .	Antonio Maura abandona aos conservador e crea o "maurismo". Dato no poder. Rebelión en Marrocos. <i>El socialista</i> convertese en diario.	2ª Guerra Balcánica: Bulgaria contra os antigos aliados. Huerta toma o poder en México; Madero, asasinado. Proust: <i>Na busca do tempo perdido</i> . Chaplin en EE.UU.	1913
Inauguración do Tranvía Eléctrico de Vigo.	Prat de la Riba presidente da Mancomunidade catalana. España neutral na Grande Guerra. Falla: <i>La vida breve</i> .	Primeira Guerra Mundial. Fortes tensións en Irlanda. Intervención dos EE.UU. en México. Joyce: <i>Dublineses</i> .	1914
VI Asemblea agraria en Redondela. A. Ribalta crea <i>Estudios Gallegos</i> . As Sociedades Agrarias venden gando. Reorganización da CNT en Ferrol.	Mitins de mulleres obreiras en Madrid. Romanones substitúe a Dato. Morre Giner de los Ríos. Falla: <i>O amor bruxo</i> .	Batalla de Gallípoli en Turquía, ofensiva de Joffre, Italia abandona a <i>Triple Alianza</i> . Einstein, teoría da relatividade. Ford, un millón de coches.	1915
17 de maio: Primeira <i>Irmandade de Amigos da Fala</i> (A Coruña). Reaparece <i>A Nosa Terra</i> . Protesta antiforal de Neda (5 mortos). A. Villar Ponte: <i>Nacionalismo gallego</i> . Primeiro galardón literario conseguido por Taibo, concedido pola Asociación de Maestros Católicos de Galicia .	Folga Xeral convocada por UGT e CNT. Un 60 por cento dos españois son analfabetos. <i>Juntas Generales de Defensa</i> no exército.	EE.UU. ameaza con romper relacións con Alemaña. Turquía decláralle a guerra a Rusia, Alemaña a Romanía. Morre Francisco - Xosé, emperador austrohúngaro. Estancamento da fronte occidental. Revolta de Pascua en Dublín.	1916
A folga xeral tamén se convoca en Galicia. Cabanillas: <i>Da Terra asoballada</i> .	Folga xeral revolucionaria. Tres crises de goberno no ano. Juan Ramón Jiménez: <i>Platero y yo</i> .	Revolucións rusas: febreiro e outubro. Os bolxeviques no poder. EE.UU. entra na Gran Guerra. Gandhi, primeira campaña de desobediencia.	1917
I Asemblea Nacionalista de Lugo. Victoriano Taibo incorpórase como profesor na Sociedade de Instrución "Punto de Mera". Nomeado "Correspondente" da Real Academia Galega .	Problemas de fame e revoltas. S. Seguí S.X. da CNT. Maura ao fronte dun goberno de concentración nacional que pouco dura. As Cortes rexeitan o proxecto autonomista de Cambó.	Tratado de Briest-Litovski entre Rusia e Alemaña. Remata a Primeira Guerra Mundial. Catorce puntos do presidente Wilson: dereito de autodeterminación. Guerra civil en Rusia. Ford fabrica tractores en cadea.	1918
VII Asemblea agraria da Coruña. II Asemblea Nacionalista en Santiago que propón a constitución da Mancomunidade Galega. Fábrica de cementos <i>Cosmos</i> . Nace <i>Galicia Films</i> .	Folga da Canadiense e escalada do terrorismo en Barcelona. Xornada laboral de 8 horas. Ingreso na Sociedade de Nacións. Reivindicacións de autonomía política seguindo á Mancomunidade de Cataluña.	Tratado de Versalles. Constitución da Sociedade de Nacións. Revolta espartaquista en Berlín. Fundación da III Internacional e dos PC francés e búlgaro. Mussolini crea o partido fascista. Lloyd George propón a división de Irlanda.	1919

	GALICIA	ESPAÑA	MUNDO
1920	Primeiro nº de <i>Nós</i> . Risco: <i>Teoría do Nacionalismo Galego</i> . Celébrase o Día da Patria Galega. Folgas: Santiago, A Coruña, Vigo.	Crease o Ministerio de Traballo. Fortes mobilizacións obreira. Revoltas violentas en Barcelona. Victoria conservadora nas xerais. Fúndase a Lexión.	Rusia: fin da guerra civil. Ditadura en Hungría. Domingo sanguento en Irlanda. Fundase o Partido Nacionalsocialista Alemán. Voto feminino en EE.UU.
1921	Constitución da "Federación de Sociedades Galegas" en B. Aires. Asemblea Nacionalista en Vigo. R. Vilar Ponte: <i>Doctrina nazonalista</i> . Peña Novo: <i>La mancomunidad gallega</i> .	Desastre de Marrocos: Annual. Terrorismo de Estado: Lei de fugas. Dato, Alledalazar e Maura sucedéronse no goberno. Dato, asasinado. Nace o Partido Comunista Obrero Español.	Inicio da NEP en Rusia. Crise económica en Europa. Independencia do sur de Irlanda. Fundación dos PC de Italia e Checoslovaquia. Ilegalizados a CGT francesa e o PC iugoslavo.
1922	Congreso agrario de Tui. Constitución da "Confederación Agraria Gallega". Tres labregos mortos en Sobredo (Tui). IV Asemblea Nacionalista en Monforte. Aparece a "Irmandade Nazonalista Galega" (ING) de Risco. Taibo publica o seu primeiro libro, o poemario <i>Abrente</i> .	Nace Acció Catalana. Franco, Sanjurjo e Millán Astray condecorados polo goberno. Jacinto Benavente, Nobel de Literatura.	Marcha sobre Roma: Mussolini, primeiro ministro. Fundación da URSS. Stalin, S.X. do PCUS. O marco cae de 162 a 70.000 dólares. Guerra civil en Irlanda Joyce: <i>Ulises</i> . Carter, descubre a tumba de Tutancamón.
1923	Fundación da "Confederación Regional Galaica" da CNT, do "Seminario de Estudos Galegos" e do Real Club Celta. Asociacionismo agrario: 324 sociedades agrarias e 301 sindicatos.	Asasinatos do líder anarquista Seguí e do bispo de Zaragoza. Ditadura de Primo de Rivera, un directorio militar faise cargo do poder. Ortega dirixe <i>Revista de Occidente</i> .	Francia ocupa o Rhur. Fracasa un golpe de estado en Alemaña encabezado por Hitler. Ditaduras en Turquía e Bulgaria. Cecil B. de Mille: <i>Os dez mandamentos</i> .
1924	Losada Diéguez e Risco impulsan o proxecto de Mancomunidade Galega. Primeiras cooperativas lácteas. Nacen a editorial <i>Lar</i> e a revista <i>Ronsel</i> . Publica <i>Da vella roseira</i> .	Unamuno, deportado, é privado da cátedra. Primeira emisora de radio comercial en Barcelona. Velocidade máxima dos automóviles: 40 por hora. Monopolio de Telefónica.	Morre Lenin. Atatürk, presidente da república turca. Plano Dawes para solucionar a crise alemana. Primeiro goberno laborista na Gran Bretaña.
1925	Os nacionalistas abandonan os concellos e as deputacións. Fundación do Banco Pastor. Mestre na Sociedade de Instrución de San Cristóbal e San Salvador de Couzadoiro. Mestre nas Colonias do Sanatorio Marítimo Nacional de Oza.	O directorio militar é substituído por un goberno civil. Realización de grandes obras públicas. Desembarco de Alhucemas. Morren Pablo Iglesias e Antonio Maura. Bilbao conectada telefonicamente por cabo submarino coa Gran Bretaña.	Tratado de Locarno. Hitler: <i>Mein Kampf</i> . Ditadura en Albania.
1926	Decreto de Redención Foral. Castela: primeiras <i>Cousas</i> . Cabanillas: <i>O Mariscal</i> ; Dieste: <i>Dos arquivos do trasno</i> ; Otero: <i>Síntese xeográfica de Galicia</i> . Aproba a reválida de mestre na Normal de Santiago. Mestre provisional de Sigras, Cambre.	Concerto económico entre o Estado español e as provincias vascas. <i>Sanjuanada</i> : pronunciamento republicano fracasado. Morre Gaudí. Viaxe do Plus Ultra.	Ditaduras en Portugal, Lituania e Polonia. Valera abandona o Sinn Fein e forma o Fianna Fail. Ford: semana laboral de cinco días e 8 horas. Traslado da Bauhaus ao edificio deseñado por Gropius.
1927	Primeiros vapores ao Gran Sol. Fábrica de louza de Álvarez. Nace a editorial <i>Nós</i> . Dieste: <i>A fiestra baldeira</i> . Mestre interino en Cerdido e en Fiestras, Xinzo de Limia.	Intentos de institucionalizar a Ditadura. CAMPSA, monopolio de petróleos. Fundación de Iberia. Buñuel/Dalí: <i>Le chien andalou</i> .	Revolta esmagada en Lisboa conta a ditadura de Carmona. Trotski expulsado do PCUS. Estreo de <i>O cantor de jazz</i> , primeiro filme sonoro.
1928	Primo de Rivera inaugura o matadoiro do Porriño, visita as Escolas Pro Val Miñor e Baiona. Manuel Antonio: <i>De catro a catro</i> . Otero: <i>Os camiños da vida</i> . Risco: <i>O porco de pé</i> .	Novo Código Penal que substitúe ao de 1870. Creación da Academia Militar de Zaragoza. Fundación do <i>Opus Dei</i> . Antonio Machado: <i>Obras completas</i> . Lorca: <i>Romancero Gitano</i> . Jorge Guillén: <i>Cántico</i> .	Primeiro Plano Quinquenal na URSS. Brecht: <i>A opera dos tres peniques</i> . EE.UU., primeiro televisor comercial.
1929	Fundación da ORGA e da FUE. Primeiras exposicións de Souto e de Seoane. Castela: segunda serie de <i>Cousas</i> .	Revoltas estudiantís: peche das U. de Madrid e Barcelona. Exposición Iberoamericana de Sevilla e Universal de Barcelona.	Crack do 29. Inicio da Grande Depresión. Poder autocrático de Stalin. Ditadura en Iugoslavia. Mussolini gaña as eleccións.

GALICIA	ESPAÑA	MUNDO	
<p>Pacto de Lestrove. A ORGA transfórma-se en FRG. Distribuidora de fertilizantes Cross. Otero: <i>Arredor de sí. Mestre en Morgadáns-Gondomar.</i></p>	<p>Dimisión de Primo de Rivera. Fracasa a sublevación republicana de Jaca. Pacto de San Sebastián. Ortega: <i>La rebelión de las masas.</i></p>	<p>As tropas francesas abandonan a Renania. Vargas, presidente de Brasil. Haile Selassie, emperador de Abisinia.</p>	1930
<p>Vitoria da coalición republicano socialista nas lexislativas. O SEG presenta o <i>Anteproxecto de Estatuto de Galicia</i>. Fundación do <i>Partido Galeguista</i>. Folga Xeral convocada pola CRG-CNT pola suspensión das obras do ferrocarril. Nace a revista <i>Logos</i>. Castela: <i>Nós</i>.</p>	<p>Cae o goberno de Berenguer. O goberno de Aznar convoca eleccións municipais. Proclamación da II República. Alfonso XII abandona. Apróbase a Constitución. Alcalá Zamora, presidente e Azaña, xefe do goberno.</p>	<p>Ocupación de Manchuria por Xapón. Segundo Plano Quinquenal na URSS. Nace a Commonwealth. Inaugúrase o Empire State (381 m.).</p>	
<p>Conflicto pesqueiro en Vigo e do naval en Ferrol. Refundación da "Federación Agraria Provincial" de Pontevedra. Primeiras actuacións da <i>Federación de Estudiantes Universitarios</i> (FUE). A asemblea de concellos aproba o proxecto de autonomía. Nacen as revistas culturais: <i>Yunque, Cristal, Resol e Galicia</i>.</p>	<p>Fracasa a sublevación do xeneral Sanjurjo. Establécese o divorcio As Cortes aproban o Estatuto de Cataluña, Maciá preside a <i>Generalitat</i>. Lei de Reforma Agraria. Disolución dos xesuítas. Bergamín crea a revista <i>Cruz y Raya</i>.</p>	<p>Xapón crea o estado títere de Manchucuo. Roosevelt arrasa nas presidenciais dos EE UU e propón o New Deal. Guerra entre Bolivia e Paraguai polo Gran Chaco.</p>	1932
<p>Folga Xeral en Galicia convocada pola CRG-CNT. Diversas organizacións de dereitas intégranse na CEDA. Triunfo das dereitas nas lexislativas Firma do GALEUZCA. Risco: <i>Nós, os inadaptados</i>; Otero: <i>Ensayo histórico sobre la cultura gallega</i> e Cunqueiro: <i>Poemas do sí e do non</i>.</p>	<p>Represión de Casas Viejas. Azaña dimite, Lerroxx forma goberno. Fundación de Falange Española. Por primeira vez votan as mulleres. Triunfo das dereitas. Lerroxx ao fronte do executivo co apoio da CEDA Morre Maciá. Levantamento anarquista en Aragón. Lorca: <i>Bodas de sangre</i>. Valle Inclán: <i>Divinas palabras</i>.</p>	<p>Hitler, chanceler de Alemaña. Incendio do Reichstag. Comeza a "Longa marcha" en China. Nova constitución en Portugal outorga plenos poderes a Oliveira Salazar.</p>	1933
<p>Escisión no PR, Martínez Barrio consigue que a maioría da militancia galega se integre na <i>Unión Republicana</i>. A ORGA integrase en <i>Izquierda Republicana</i>. Constitución da <i>Federación de Mocidades Galeguistas</i>. Castela: <i>Retrincos e Os dous de sempre</i>. Risco: <i>Mitteleuropa</i>.</p>	<p>A crise económica toca fondo. O Gabinete Lerroxx restablece a pena de morte. Companys proclama o <i>Estatuto Catalán</i> e Calvo Sotelo funda o <i>Bloque Nacional</i>. Movementos revolucionarios en Asturias, Cataluña e País Vasco. Maeztu: <i>Defensa de la hispanidad</i>. Miguel Hernández: <i>Perito en lunas</i>.</p>	<p>Ditadura en Austria. Intento de "golpe de estado" en Francia. Ditadura en Estonia e Letonia. Alemaña: <i>Noite dos coitelos longos</i>. Comezan os "procesos de Moscova".</p>	1934
<p><i>Dereita Galeguista</i> escíndese do <i>Partido Galeguista</i>. Regreso dos desterrados: Castela e Bóveda. Mitins unitarios (CNT, UGT, PSOE, PCE) a prol das alianzas obreiras (UHP). Mitin de <i>Falange</i> en Vilagarcía con José Antonio.</p>	<p>O paro chega aos 600.000. Lerroxx remodela o goberno e incorpora a Gil Robles. Escándalo do estraperlo. Goberno de Chapapietra. Portela Valladares, novo xefe do goberno. Lorca: <i>Yerma</i>.</p>	<p>Lei da Seguridade Social nos EE.UU. que establece atención para enfermos, vellos e parados. Disturbios en Francia polo desemprego. Italia invade Abisinia. Inaugúrase o metro de Moscova.</p>	1935
<p>Triunfo das listas da Fronte Popular. Referendo e aprobación maioritaria do Estatuto de Autonomía (28-VI). A insurrección militar faise co control de Galicia en 15 días. Creación das Milicias Gallegas. Represión: consellos de guerra, fusilamentos, paseos. Inicio da oposición: <i>foxidos</i>. Otero: <i>O mesón dos ermos</i>. Invitado polo alcalde de Gondomar a participar nos actos de aniversario da proclamación da república.</p>	<p>Constitución da Fronte Popular. Victoria electoral. Azaña forma goberno. Amnistía de delictos políticos. Restablecemento do Estatuto Catalán. Ocupación de terras e aumento da conflictividade social. Azaña, presidente. Asasinatos do tenente Castillo e de Calvo Sotelo. Golpe militar do 18 de Xullo. Inicio da Guerra Civil. Constitución da Junta de Defensa de Burgos. Franco xefe do goberno rebelde.</p>	<p>Fronte Popular en Francia. Ditadura en Grecia. As tropas alemanas entran na Renania. Keynes: <i>Teoría xeral do emprego, o interese e o diñeiro</i>. Constitución do Eixe Berlín-Roma.</p>	1936
<p>Continúa a represión. Creación de <i>Solidariedade Galega Antifeixista</i> en Valencia. Castela propón o estudo do Estatuto de Galicia nas Cortes. Castela: <i>Galiza mártir e Atila en Galiza</i>.</p>	<p>A presidencia da República trasládase a Valencia. A aviación alemana arrasa Guernica. Os sublevados toman Bilbao. Batalla de Brunete. Decreto de unificación baixo a xefatura de Franco.</p>	<p>Guerra chino – xaponesa. Continúan os "procesos de Moscova". Exposición Universal de París.</p>	1937

	GALICIA	ESPAÑA	MUNDO
1938	Un grupo de perseiros encabezados por Barrié de la Maza regálanlle a Franco as Torres de Meirás. As Cortes, en Montserrat, tratan o Estatuto Galego. Castelao: <i>Milicianos</i> . Suspendido de emprego e soldo por un mes. Traslado a Villalar de los Comuneros, Valladolid.	Goberno de Negrín. Franco forma o primeiro goberno (Fuero del Trabajo, Lei de Prensa e Lei da Administración do Estado). Os sublevados toman Teruel. O Vaticano reconece o réxime de Franco. Ofensiva no Ebro. As Brigadas Internacionais abandonan España.	Alemaña anexiona Austria e os Sudetes checos. Remata a guerra do Chaco. Einstein: <i>Alexander Nevski</i> . Renoir: <i>A Marsellesa</i> .
1939	Carta de Castelao ao dirixente comunista Santiago Álvarez. Primeiros núcleos guerrilleiros. Cartillas de Racionamento (estraperlo e mercado negro). Permítenlle ausentarse da residencia durante as vacacións.	Cae Barcelona. Francia e Inglaterra reconecen a Franco. Azaña dimite. Madrid réndese. Fin da guerra civil. Fusilamentos masivos. O catolicismo, relixión oficial do Estado. Depuración dos corpos docentes.	Italia ocupa Albania. Pacto Molotov - Ribentrop. Roosevelt anuncia que EE.UU. permanecerá neutral. Alemaña invade Polonia. Comezo da II Guerra Mundial.
1940	Castelao en Bos Aires. Fundación no exilio de <i>Irmadade galega</i> e da <i>Alianza Nazonal Galega</i> . Comezan as batidas contra as guerrillas. Instálase, na Coruña, Radio Nacional de España e Nestlé en Pontecesures. Restablécense as Capitánías Militares e créanse as "Hermanidades" de labradores. Franco no Pazo de Meirás. Consellos de Guerra.	Lei de unidade sindical. Tribunal especial para la represión del comunismo y la masonería. Creación do <i>Frente de Juventudes</i> . Entrevista de Franco con Hitler en Hendaia. O goberno español declara a non belixerancia activa na guerra mundial. Iníciase a construción do Val dos Caidos. Companys, fusilado. Morre, no exilio, Azaña.	Constitución do Eixe Berlín-Roma-Toquio. Rendición de Holanda, Bélxica e mais Francia. Churchill, primeiro ministro británico. Roosevelt resulta reelixido. Comeza a batalla de Inglaterra. Asasinato de Trotski. Chaplin: <i>O gran ditador</i> . Hemingway: <i>Por quen dobran as campás</i> .
1941	Castelao impulsa dende B. Aires a <i>Irmadade galega</i> e o Pacto <i>Galeuzca</i> . Creación de ASTANO. Prezo de taxa para o 60% da produción conserveira. Executados varios ferroviarios por sabotaxe. Reaparece no exilio <i>A Nosa Terra</i> .	Alfonso XIII abdica no seu fillo Juan. Constitúese RENFE. Franco entrevístase con Mussolini e Petain. Créase a División Azul para combater na fronte de Rusia. Entrevista Hitler - Serrano Suñer.	Alemaña controla os Balcáns. Bombardeo de Pearl Harbor. Guerra no Pacífico. Invasión alemana da URSS. Stalin anuncia o inicio da "gran guerra patria". Italia e Alemaña decláranlle a guerra aos EE.UU. Rommel inicia a retirada no Norte de África.
1942	Varias execucións de guerrilleiros, outros morren en enfrontamentos coa Garda Civil. Homenaxes a Franco en Vigo, Lugo e A Coruña. Resolución definitiva do expediente de depuración. Inhabilitado para cargos directivos e de confianza. Traslado a Morgadás.	O adulterio, incluído no Código Penal. Lei de constitución das Cortes. Lei de exencións fiscais para a Igrexa. Aprobación do Seguro obrigatorio de enfermidade. Pacto Ibérico. Serrano Suñer destituído como ministro de Exteriores. Cela: <i>La familia de Pascual Duarte</i>	Batallas de Midway, O Alamein, Stalingrado. A solución final, campo de exterminio en Treblinka. Eisenhower, comandante en xefe.
1943	Reorganización do PCE, do PG e da FRG-CNT. Mitin de Castelao en Montevideo. Fúndase FENOSA. Franco inaugura a vía férrea Santiago-A Coruña.	Lei de Rebelión Militar. Carta de Juan de Borbón instando a Franco a restaurar a democracia. Presións militares para restaurar a monarquía tradicional. Retorno da División Azul. Franco inaugura as Cortes Orgánicas.	Disolución da III Internacional. Desembarco aliado en Sicilia. Mussolini destituído. Rendición de Italia. De Gaulle ao fronte do Comité de Liberación. Conferencia de Teerán: Roosevelt, Stalin e Churchill.
1944	Suministro de volframio a Alemaña. Constitución en Montevideo do <i>Conseillo de Galiza</i> . Castelao: <i>Sempre en Galiza</i> . Créase o Instituto de Estudos Gallegos "Padre Sarmiento" co espolio do SEG.	Fortes medidas de restricción da enerxía eléctrica. Implántase o DNI. Novo Código Penal. Impórtase un millón de toneladas de trigo da Arxentina. Onda de frío. Rodolfo Llopis, S.X. do PSOE no exilio	Desembarco de Normandía. Rendición das tropas alemáns en Francia. De Gaulle, xefe do goberno. EE.UU. invade Birmania, ocupada polos xaponeses. Os alemáns lanzan as V-1. Atentado contra Hitler. Roosevelt, cuarto mandato.
1945	Intensa actividade guerrilleira. Carta de "La Pasionaria" a Castelao. Reunión de delegados da FRG-CNT. Radio Pirenaica comeza a emisión para Galicia. As Cortes republicanas no exilio aproban o Estatuto de Galicia. Nace a revista <i>Posio</i> e, no exilio, <i>Galeuzca</i> .	Condena en lalta do réxime de Franco. Manifesto de Juan de Borbón en Lausana. Aprobado o <i>Fuero de los Españoles</i> e a <i>Ley del Referéndum</i> . Créase o monopolio Tabacalera. Goberno da República no exilio. Ortega regresa do exilio. Carmen Laforet: <i>Nada</i> .	Rendición de Alemaña. Remate da II Guerra Mundial. Roosevelt morre, Hitler suicídase, Mussolini é fusilado. Conferencias de Ialta e Postdam. Bombas atómicas en Nagasaki e Hiroxima. Rendición do Xapón. Fundación da ONU, da Liga Árabe e do FMI. Einstein: <i>Iván, o terrible</i> .

GALICIA	ESPAÑA	MUNDO	
<p>R. Piñeiro entrevístase en París co Goberno republicano. Castelao, ministro do goberno de Giral. Intensa actividade guerrilleira (primeiro número de <i>El guerrillero</i>). Consellos de guerra e execucións. Conflictos laborais no naval de Ferrol e en Álvarez de Vigo. Varios académicos propoñen a Taibo para numerario. Membro da RAG.</p>	<p>Primeira folga da posguerra en Manresa. A Asemblea Xeral da ONU condena o réxime de Franco. Discursos de Franco chamando a resistir. A ONU aproba a retirada de embaixadores. Concentración na Praza de Oriente en apoio a Franco. Créase o INE. O xeneral monárquico Kindelán desterrado a Canarias. Morre no exilio Largo Caballero.</p>	<p>IVª República Francesa. Ho Chi Min, electo presidente de Vietnam. Formación das democracias populares. <i>Cortina de Aceiro</i>. Perón, presidente da Arxentina. Mao Zedong inicia as ofensivas militares. Condena dos xefes nazis en Nuremberg. Guerra civil en Grecia. Partición de Palestina. Herman Hesse, premio Nobel de Literatura.</p>	1946
<p>Declive do movemento guerrilleiro. Detido o Comité da FRG-CNT. Castelao regresa a Bos Aires. Fundación da E.N. Bazán. Iglesia Alvariño: <i>Cómaros verdes</i>.</p>	<p>Decreto lei de represión dos delitos de bandidaxe e terrorismo. Seguro obrigatorio de vellez e enfermidade. Folga en Biscaia. Referendo sobre a lei de sucesión que establece que España é un reino.</p>	<p>Inicio da Guerra Fría. Plano Marshall. Independencia da India. Primeira mensaxe televisada do presidente Truman. A ONU aproba a partición de Palestina e a creación do Estado de Israel</p>	1947
<p>Novas accións guerrilleiras. Consellos de guerra contra Seoane e Gaioso e outros. Anúlase a intervención na produción conserveira. Fúndase LARSA. Castelao no "Día de Galiza" pronuncia o discurso "Alba de Gloria". Discurso de ingreso na RAG, 15 de outubro</p>	<p>Francia abre as fronteiras con España. Truman anula a entrada de España no Plano Marshall. Primeiras probas de TV. Premios á natalidade. Entrevista Franco - Dº Juan; o príncipe Juan Carlos estudará en España. Delibes: <i>La sombra del ciprés es alargada</i>.</p>	<p>Bloqueo de Berlín. Creación do Estado de Israel. McCarthy: <i>caza de meigas</i>. Asasinato de Gandhi. Truman, presidente dos EE.UU. A ONU aproba a <i>Declaración Universal de Dereitos Humanos</i>.</p>	1948
<p>Continúan as execucións, detencións e consellos de guerra contra guerrilleiros. Otero Pedrayo fala en galego en público. Constitución do <i>Patronato Rosalía de Castro</i>. <i>La Noche</i> publica un suplemento cultural.</p>	<p>Inaugúrase o aeroporto barcelonés de El Prat. Grave crise económica. Morren Alcalá Zamora e Fernando de los Ríos, ambos exiliados.</p>	<p>Constitución da OTAN e do COMECON ou CAME. Nace a RDA, a RFA e a RP China. Adenauer, chanceler alemán. Orwell: 1984.</p>	1949
<p>Morren Castelao e Casares Quiroga. O PCE abandona a estratexia guerrilleira. O PG disólvese. Fundación de Galaxia. Consellos de guerra. Fúndase FRIGSA. Destinado ao barrio de Lavadores-Vigo como titular da EN nº 4.</p>	<p>Nace SEAT. A ONU revoca a recomendación da retirada de embaixadores. España ingresa na FAO. Entrevista en Meirás: Franco - Oliveira Salazar.</p>	<p>Tratado de amizade chino - soviético. Guerra en Corea.</p>	1950
<p>Varios guerrilleiros mortos. Eleccións municipais, triúfan os candidatos franquistas. Primeiro nº da revista <i>Grial</i>. Cabanillas: <i>Antifona da Cantiga</i>. Carballo Calero: <i>A xente da Barreira</i>.</p>	<p>Folgas en Barcelona. Folga xeral en Biscaia e Guipúscoa, cerca de mil detidos. Cuarto goberno de Franco no que figura Carrero Blanco. España entra na OMS. Cela: <i>La colmena</i></p>	<p>Nace a CECA. Reelección de Perón na Arxentina e Vargas no Brasil. Independencia de Libia. Ensaio norteamericano da bomba de hidróxeno no Pacífico.</p>	1951
<p>Continúan os consellos de guerra. Execución de Foucellas. UTECO da Coruña crea LEYMA. En Vigo o Instituto de Investigacións Pesqueiras. Seoane: <i>Fardel do exiliado</i>. Otero: <i>Por os vieiros da saudade</i>.</p>	<p>Remata o racionamento do pan. Liberdade de circulación de alimentos. Plano Badaxoz de regadíos. España ingresa na UNESCO. Discursos de Franco contra o comunismo.</p>	<p>Morre Eva Perón. Batista, presidente de Cuba. Hussein, rei de Xordania. Eisenhower, presidente dos EE.UU. Hemingway: <i>O vello e o mar</i>.</p>	1952
<p>Quiroga Palacios, arcebispo de Santiago. Temiño, bispo de Ourense. Proxecto do aeroporto de Alvedro. Franco nomeado fillo adoptivo da Coruña. Fole: <i>A lus do candil</i>.</p>	<p>Reforma do Bacharelato. Concordato co Vaticano. Acordo cos EE.UU. sobre cooperación militar. Berlanga: <i>Bienvenido Mr. Marshall</i></p>	<p>Morre Stalin. Detención de Beria. Hilary conquista o cume do Everest. Fidel Castro dirixe o asalto ao cuartel Moncada. Armisticio en Corea. A URSS fai estoupar a bomba de hidróxeno.</p>	1953
<p>A colectividade galega en Buenos Aires denuncia ante a UNESCO a persecución do idioma galego. Inauguración do aeroporto de Peinador. Fundación de automóbiles Barreiros S.A. A VI flota norteamericana atraca no Ferrol. Xubilase como mestre.</p>	<p>A filla de Franco, recibida por Eisenhower na Casa Branca. Nova reunión de Franco e Don Juan. Lei de construción de vivendas de renda limitada. Iníciase a fabricación dos <i>Biscuter</i> e os primeiros proxectos da <i>Costa del Sol</i>. Protestas pola presenza británica en Xibraltar.</p>	<p>Comezo da intervención dos EE.UU. en Vietnam. Alemaña Federal na OTAN. Primeiro submarino atómico. Ben Bella lidera a sublevación alxeriana. Nasser acada o poder en Exipto. Stroesner presidente de Paraguai. Nace Eurovisión. Primeiros discos de Elvis Presley.</p>	1954

	GALICIA	ESPAÑA	MUNDO
1955	Recorrido triunfal da imaxe da Virxe de Fátima. Inauguración en Vigo da residencia "Almirante Vierna", "O pirullí". Franco inaugura na Coruña o Arquivo do Reino de Galicia. Pedro Barrié de la Maza, conde de FENOSA. Fole: <i>Terra brava</i> ; Cunqueiro: <i>Merlín e familia</i> ; Novoneyra: <i>Os Eidos</i> . Emotiva homenaxe a Victoriano Taibo dos antigos alumnos residentes en Montevideo.	Ingreso de España na OCDE. Admisión na ONU. Foster Dulles, secretario de Estado de EE UU é recibido por Franco. Morre en Madrid Ortega y Gasset. Blas de Otero: <i>Pido la palabra</i> . Gabriel Celaya: <i>Cantos ibéricos</i> . Barden: <i>Muerte de un viajante</i> .	Constitución do Pacto de Varsovia. A URSS anuncia un foguete intercontinental con cabezas nucleares. Conferencia dos non aliñados en Bandung. Dimisión de Perón. Martín L. King: Movemento de Dereitos civís. Morren Einstein e James Dean. M. Brando obtén o Óscar por <i>A lei do silencio</i> .
1956	Primeiro Congreso da Emigración en Buenos Aires. Créase <i>Celulosas de Pontevedra</i> . Mourullo: <i>Memorias de Tains</i> ; Cunqueiro: <i>As crónicas do sochantre</i> . Publica, Da agra aberta.	Incidentes na Universidade central de Madrid. Estado de excepción. España ingresa na OIT. Créase o Instituto Español de Emigración. Juan Ramón Jiménez, premio Nobel. Primeira emisión de Televisión Española (TVE).	Kruxov: desestalinización e <i>coexistencia pacífica</i> . As tropas do Pacto de Varsovia invaden Hungría. Independencia de Marrocos. Nacionalización da Canle de Suez.
1957	Comézase a levantar o salto de Belesar. Embarque masivo de emigrantes para América do Sur. Otero: <i>Entre a vendima e a castañeira</i> .	Comeza o xiro tecnocrático do réxime. Ponse á venda o primeiro SEAT-600. Reivindicación de Xibraltar ante a ONU. Conflicto en Ifni.	Tratado de Roma, nace a CEE. Vólvese abrir a Canle de Suez. Incidentes raciais nos EE.UU. A cadela Laica é enviada ao espacio.
1958	Franco inaugura a fábrica de Armas da Coruña e o tramo de ferrocarril O Carballiño -Santiago. Nace TAFISA en Pontevedra, FRIGSA en Lugo e varias cooperativas vitivinícolas na comarca de Valdeorras. Fórmase o grupo "Brais Pinto". Ferrín: <i>Percival e outras historias</i> . Morren Pimentel, Maside e López Cuevillas.	Detencións masivas de dirixentes comunistas. O PCE formula a "reconciliación nacional". Constitúese no exilio o Consello de Forzas Políticas de Cataluña. España ingresa no FMI. Lei de <i>Principios fundamentales del Movimiento</i>	Xoán XXIII, Papa. Comeza a carreira espacial. De Gaulle, elixido presidente da República francesa. Créase a UNESCO. O ruso Pasternak premio Nobel de Literatura.
1959	Comeza a construción de Citroën. Abre ASCON e Franqueira preside as UTECO de Ourense. Fúndase A. C. "O Galo" en Compostela. Morren Cabanillas e Andrés Gaos. B. Amor: <i>A esmorga</i> . Pimentel: <i>Sombra do aire na herba</i> .	Nace ETA. Plano de Estabilización Económica. Lei de orde pública. Visita do Presidente Eisenhower. Remátanse as obras do Val dos Caídos. Severo Ochoa, Nobel de Medicina. Buñuel: <i>Viridiana</i> .	Constitución da OCDE. Triunfo da revolución cubana. Nixon visita a URSS, Kruxov os EE.UU. Mobuto encabeza o golpe de estado no Congo contra Lumumba. Gunther Grass: <i>O tambor de folla de lata</i> .
1960	Franco inaugura a bacallaeira <i>Pebsa</i> . Nace CENSA no Porriño. Primeiras eleccións a enlaces sindicais. Martínez Risco presidente da RAG. Morren Cruz Gallastegui e o pintor Sotomayor. Otero: <i>O señorito da Reboraina</i>	Fúndase a Universidade de Navarra. Decreto lei sobre rebelión, bandidaxe e terrorismo. Críticas ao réxime franquista de Kruxov nas Nacións Unidas e de Fidel Castro na televisión cubana. Dous millóns de españois traballan no estranxeiro.	Formación da EFTA e da OPEP. Dezaoitto países africanos se independizan. Abatido sobre territorio da URSS un avión espía norteamericano. Zapatazo de Kruxov na Asemblea de Nacións Unidas. Kennedy, presidente dos EE.UU.
1961	Xosé Velo e o Capitán Galvão secuestran o transatlántico "Santa María". Fundación da empresa <i>Pescanova</i> . Franqueira funda <i>Caja Rural</i> de Ourense. Neira Vilas: <i>Memorias dun neno labrego</i> . Segunda edición do <i>Sempre en Galicia</i> . Álvaro Cunqueiro na Academia galega, publica <i>Si o vello Simbad volve-se ás illas</i> .	Sabotaxes ferroviarios de ETA. Comeza a fabricarse o tecido sintético Tergal. A peseta convertible: un dólar 60 pts. Folga universitaria en Barcelona, onde nace Omnium Cultural.	Kennedy: <i>a nova fronteira</i> . Construción do muro de Berlín. Conferencia dos non aliñados en Belgrado. Lumumba, asasinado. Fracasa a invasión de Cuba en Bahía Cochinos. Adenauer, reelixido presidente de Alemaña Federal. Primeiras actuacións dos Beatles e de Bob Dylan.
1962	Protestas contra a concentración parcelaria en Mazaricos (un morto). Créanse FINSA, Cementos del Noroeste e COREN-UTECO. Celso Emilio Ferreiro: <i>Longa noite de pedra</i> .	O goberno pide negociacións coa Comunidade Económica Europea (CEE). Mobilizacións obreiras e estudiantís. Aparición de Comissões Obreiras (CCOO). A oposición reúnese en Múnic. Detido Grimaú.	Concilio Vaticano II. Independencia de Alxeria e Ruanda. Crise dos mísiles en Cuba. Morren Faulkner e Marilyn Monroe.

GALICIA	ESPAÑA	MUNDO	
<p>Primeiro "Día das Letras Galegas" dedicado a Rosalía de Castro. Fundación do Partido Socialista Galego (PSG), da A. Cultural "O Facho" en A Coruña, da Fundación Penzol e de Edicións do Castro. Mortes polo alcol metílico. Inaugúrase o aeroporto de Alvedro, a presa de Belesar e Celulosas. Anxel Fole na Academia Galega. Regresa L Seoane do exilio e con D. Pardo funda o Laboratorio de Formas.</p>	<p>Primeiro Plano de Desenvolvemento. Decreto do salario mínimo (60 pesetas). Folga na minería asturiana. Creación do Tribunal de Orde Pública (TOP). Execución de Grimau. Reaparece a <i>Revista de Occidente</i>. "España es diferente" lema de atracción turística. O abade de Montserrat Aureli Escarré defende a cultura catalana.</p>	<p>Fundación da OLP. Stroesner, reelixido presidente de Paraguai. O presidente dominicano Bosch é destituído por un golpe militar. Retírase Adenauer. De Gaulle pon dificultades ao ingreso do Reino Unido no MCE, anuncia probas nucleares en Mururoa e elimina a OAS. Asasinato do presidente Kennedy. Teléfono Vermello entre a URSS e os EE.UU. Fundación da OUA. Morre Xan XXIII; Paulo VI, novo Papa.</p>	1963
<p>Polos de desenvolvemento en A Coruña e Vigo. Nace o Banco do Noroeste. Franco inaugura a refinería de <i>Petroliber</i>. Apróbase a ampliación de Labacolla. Día das Letras dedicado a Castelao, censuras constantes do Ministerio de Información (Fraga). Nace a Unión do Pobo Galego.</p>	<p>Múltiples celebracións dos "25 anos de paz". O Mercado Común conxela o ingreso de España. Franco preside a final da Copa de Europa de fútbol na que España vence á URSS. Un cento de intelectuais asinan un escrito contra a represión dos mineiros asturianos. Folga xeral na minería asturiana.</p>	<p>Independencia de Zambia e Kenia. Nelson Mandela é encarcerado. Avances do Vietcong. Destituído Kruxov, substituído por Briexniev. Luther King, Nobel da Paz. China fai estoupar a súa bomba atómica.</p>	1964
<p>Morte do guerrilleiro "O Piloto" en enfrontamento coa Garda Civil Fundación da "Asociación Cultural" de Vigo. Franco, doutor "honoris causa" da U. de Santiago. Creación da cátedra de Lingua e Literatura Galega na Universidade. Primeira misa en galego do Pai Seixas. Carta dos centros galegos do Uruguai ao cardeal Quiroga Palacios a prol do uso do galego na liturxia.</p>	<p>Bloqueo a Xibraltar. Manifestacións obreiras e estudiantís. Os Beatles actúan en Madrid. Arrupe, superior xeral da Compañía de Xesús. Aranguren e Tierno Galván, separados das súas cátedras. Inaugurado por Fraga a segunda canle de TV. López Rodó, comisario do Plano de desenvolvemento.</p>	<p>Disturbios raciais en Los Angeles. Marcos, presidente de Filipinas. Primeiras fotografías de Marte. Remata o Concilio Vaticano II. Asasinado o xeneral portugués Humberto Delgado. Morren Churchill, Malcom X, o actor Stan Laurel, o cantante Nat King Cole e o arquitecto Le Corbusier. Solohov, Nobel de Literatura. Lean: <i>Doutor Zivago</i>.</p>	1965
<p>Nace COMPLESA e primeira edición de FEXDEGA. Nacen as CCOO de Galicia e "Voces Ceibes". Loita dos labregos contra FENOSA en Castro de Miño. Nace a Fundación Barrié. Morre Ramón María Aller. Falece Victoriano Taibo o 13 de marzo sen ver publicadas as súas últimas obras <i>Abincedo e Cabrinfolas</i>.</p>	<p>Lei de prensa de Fraga. Secuestro do "Abc". Incidente de Palomares ao caer ao mar unha bomba H. Mobilización universitarias. Os carlistas reúnen en Montejurra. Aprobada en referendo a Lei Orgánica do Estado. Carlos Saura: <i>La caza</i>.</p>	<p>Francia abandona a OTAN. Morre o guerrilleiro colombiano Camilo Torres. Briexniev, secretario do PCUS. Revolución cultural en China. Indira Gandhi, primeira ministra da India. Barrientos presidente de Bolivia. Conferencia de Nova Delhi dos países non aliñados. O Vietcong ataca Saigón. Morren André Breton e Walt Disney. Aparece o "cas-sette".</p>	1990

